

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 8720/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal das prazas de monitor/a deportivo/a - socorrista na piscina municipal.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de novembro de 2021 na que se nomea o Tribunal do proceso selectivo de lista de emprego de monitor/a deportivo/a - socorrista.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 19 de decembro de 2022 na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2023 na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a base xeral 9, que sinala “(...)Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

*A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”*

Vista a base xeral 10, que sinala “(...)FASE DE CONCURSO. VALORACIÓN DE MÉRITOS  
O sistema de selección será o concurso de méritos.

*A fase de concurso será posterior a proba de galego e non terá carácter eliminatorio.*

*Nesta fase valoraranse os méritos aportados polos aspirantes que superaron a proba de galego...”*

Vista a base xeral nos seus puntos 11 e 12 relativos á calificación final e á proposta para a confección da lista de emprego.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Miércoles día 08 de febreiro de 2023, ás 09:00 horas**, para a realización a proba de galego aos aspirantes non exentos e posteriormente para a realización da fase de concurso, valoración de méritos dos aspirantes admitidos e dos aspirantes aptos no exame de galego, así como a cualificación final e proposta para a



## Concello de Viveiro

---

confección da lista de emprego.

**SEGUNDO.-** Citar aos aspirantes non exentos da proba de galego, según a lista definitiva de admitidos e excluídos publicada, o **mércoles día 08 de febreiro de 2023, ás 09:00 horas** na sala de xuntas deste Concello, debendo acudir provistos do DNI.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

